

Resolución do 9 de novembro de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convoca o programa InnovaTech FP e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso 2023/24

A innovación e o emprendemento son dous elementos fundamentais na sociedade actual, xa que impulsan o progreso económico, social e tecnolóxico, e desempeñan un papel crucial na creación de emprego e na resolución de problemas complexos. Polo tanto, promover e apoiar a innovación e o emprendemento é esencial para lograr un crecemento sostible, unha maior igualdade e unha mellora na calidade de vida das persoas.

Neste sentido, a Formación Profesional está chamada a ter un papel moi relevante pois non só prepara ás persoas para o mundo laboral, senón que tamén lles inculca unha mentalidade innovadora e emprendedora. A FP fomenta a creatividade, o pensamento crítico e a capacidade para resolver problemas, habilidades que son esenciais tanto para a innovación como para o emprendemento. Así mesmo, proporciona unha contorna propicia para o desenvolvemento de redes e a colaboración, dous aspectos clave no mundo empresarial actual.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como un dos principios da educación o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa. Ademais, no artigo 102.3, modificado pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, afirma que ás administracións educativas lles corresponde fomentar programas de investigación e innovación, impulsando o traballo colaborativo e as redes profesionais e de centros para o fomento da formación, a autoavaliación e a mellora da actividade docente.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, prevé a estimulación do espírito emprendedor, facendo no seu preámbulo especial incidencia na modernización da Formación Profesional e establecendo como obxectivo estratéxico a revitalización da opción da aprendizaxe profesional.

A Lei orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, establece, no seu título VIII –Innovación, investigación aplicada e emprendemento–, que as administracións públicas propiciarán, no ámbito das súas competencias, a participación dos centros de Formación Profesional, xunto con outros centros e empresas ou organismos similares da súa contorna, en proxectos de innovación e investigación aplicada para a súa conversión en recursos de innovación do sector produtivo e promotores da creación de centros tecnolóxicos.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional do sistema educativo de Galicia, na disposición adicional segunda, indica que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración con empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes, e establece como unha das finalidades desta colaboración o desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, no seu capítulo I –Educación en emprendemento–, incorpora medidas para que a xente nova adquira, a través do sistema educativo, as competencias e as habilidades requiridas para emprender. Considérase necesario incorporar como obxectivo específico a idea do/da emprendedor/a e da cultura empresarial na Formación Profesional, encomendándolles ás administracións educativas a revisión e a adecuación dos currículos das ensinanzas regradas a estes novos obxectivos.



A Estratexia de FP Galicia 2030 ten como un dos seus principios inspiradores a colaboración público-privada, destacando dentro dos seus eixos a innovación, a dixitalización, e o emprendemento, e establecendo obxectivos claros como son o impulso da innovación aplicada na Formación Profesional, o desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego e o apoio ás iniciativas emprendedoras nos centros de Formación Profesional.

Nesta estratexia enmárcase o Plan Conecta FP Galicia, que ten entre os seus obxectivos intensificar a colaboración público-privada coa finalidade de deseñar e planificar unha oferta de formación profesional que responda á rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de formar profesionais capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está a producir.

O Plan Innova FP Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 23 de marzo de 2023, contempla unha serie de actuacións destinadas a impulsar a innovación, a investigación aplicada e o emprendemento na Formación Profesional galega. Un dos seus aspectos clave é o fortalecemento da colaboración co tecido produtivo galego co obxectivo de fomentar a innovación e o emprendemento industrial na Formación Profesional.

Para o desenvolvemento deste plan, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades conta co Centro Galego de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, que actúa como eixe de colaboración e coordinación entre os centros educativos de FP e as empresas.

No marco da Estratexia de FP Galicia 2030 e do Plan Innova FP Galicia xurde o Programa InnovaTech FP, que persegue impulsar a innovación tecnolóxica e o emprendemento industrial entre o alumnado de Formación Profesional, avogando pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como polo desenvolvemento do medio rural.

A Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 establece unha serie de retos e prioridades para a economía e a sociedade galega, en torno aos que se articulan as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. A presente convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 2 (Modelo industrial baseado na competitividade e o coñecemento) a través da prioridade 2 (Dixitalización) e da prioridade 3 (Enfoque cara as persoas).

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral,

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

Esta resolución ten por obxecto convocar o programa InnovaTech FP e establecer as bases de participación durante o curso 2023/2024.

Artigo 2. Destinatarios

O programa está dirixido ao alumnado de Formación Profesional e persoas egresadas nos últimos dous anos, de todos os centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que durante o curso 2023/24 impartan ensinanzas de Formación Profesional e participen no Programa de aulas de emprendemento na Formación Profesional.



Artigo 3. Definición do programa

O programa InnovaTech FP ten como obxectivo principal fomentar a innovación tecnolóxica e emprendemento industrial, promovendo a creación de empresas de base tecnolóxica entre o alumnado de Formación Profesional.

Para isto, o alumnado de FP deberá abordar a resolución de 10 retos tecnolóxicos que serán propostos por empresas e cuxa solución deberá ter un impacto positivo sobre o desenvolvemento do medio rural.

O alumnado participante afrontará os retos propostos traballando en equipos multidisciplinares e que contén cunha distribución equitativa de xénero entre os seus membros. Deste xeito preténdese integrar perfís profesionais complementarios, á vez que se se promove a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Este programa permitirá ao alumnado desenvolver habilidades prácticas, prepararse para o mundo laboral, fomentar a creatividade e a innovación, promover o traballo en equipo, aumentar a motivación e o compromiso, estimular o espírito emprendedor e establecer conexións coa industria.

Artigo 4. Candidaturas

1. Todos os centros educativos que durante o curso 2023/24 participan no Programa de aulas de emprendemento deberán presentar, polo menos, un equipo de traballo na presente convocatoria.
2. O número máximo de equipos participantes por centro educativo será de tres.
3. Cada equipo estará constituído por 4 estudantes de Formación Profesional e deberá ser equitativo en canto número de homes e mulleres. Preferiblemente, os equipos serán multidisciplinares coa finalidade de poder aportar distintas perspectivas á resolución dos retos propostos. Ningún estudante poderá participar en máis dun equipo ao mesmo tempo.
4. Nos casos en que estea debidamente xustificado pola complementariedade das familias profesionais e a complexidade do reto abordado, permitirase conformar equipos con alumnado de varios centros educativos, sempre que como mínimo a metade do equipo pertenza ao centro competente para presentar a candidatura. Para isto, o alumnado deberá contar coa autorización expresa da dirección do centro educativo ao que pertence.
5. Cada equipo deberá contar cunha persoa coordinadora elixida de entre os/as docentes do centro, que se encargará de dinamizar as actividades que se propoñan dentro do programa, así como de facilitar a colaboración efectiva e a distribución de tarefas entre os seus membros. A súa experiencia será fundamental para guiar ao alumnado na resolución dos desafíos que poidan xurdir durante o proceso, contribuíndo ao seu aprendizaxe e desenvolvemento de competencias.

Artigo 5. Proceso de solicitude e prazo de presentación

1. Para participar nesta convocatoria o centro educativo deberá presentar unha instancia de solicitude achegando o modelo proposto no Anexo I por cada equipo participante. Nesta solicitude deberán indicarse as persoas integrantes do equipo e o reto ao que se presentan.
2. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 10 de novembro ata o 22 de novembro, ambos os dous incluídos.



3. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Formación Profesional e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico fpinnova@edu.xunta.gal nos prazos establecidos para a presentación.
4. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a listaxe dos equipos presentados a esta convocatoria na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.gal>). Nesa mesma listaxe requirirase aos centros cuxa solicitude presente defectos formais ou omisión dalgún documento esixido para que, nun prazo máximo de 3 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, emenden ou completen a documentación da súa solicitude. De non facelo, daranse por desistidos da súa solicitude.

Artigo 6. Fases do programa

O programa InnovaTech FP desenvolverase atendendo as seguintes fases:

1. PRIMEIRA FASE

- **Definición dos retos**

Os 10 retos propostos estarán dispoñibles a partir do día 10 de novembro de 2023 no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da ligazón www.edu.xunta.gal/fp/innovatech-fp.

- **Creación e inscrición de equipos**

Unha vez coñecidos os retos, os centros educativos conformarán os equipos participantes de acordo co establecido no artigo 4 desta convocatoria, e quedarán recollidos na solicitude presentada polo centro.

- **Xornada de lanzamento**

Os equipos conformados participarán nunha xornada de traballo, na que se presentará o cronograma de actividades e na que as empresas colaboradoras explicarán en detalle os retos propostos e darán as indicacións oportunas para tratar de solucionarlos.

Durante esta xornada, os participantes recibirán ademais unha formación orientada ao desenvolvemento do proceso creativo, ao afloramento de solucións innovadoras e á validación de ideas.

- **Formación para participantes**

A formación recibida na xornada de lanzamento completarase con formación en técnicas como *Desing thinking*, que permitirán aos participantes adquirir ferramentas e coñecementos para a resolución dos retos propostos, aportando innovación en produtos, servizos e modelos de negocio. Así mesmo, contarán con asesoramento por parte do Centro galego de Innovación da Formación Profesional en todo o proceso.



- **Presentación de propostas**

Os equipos deberán presentar antes de finais xaneiro a proposta de idea de solución do reto a través do formulario web habilitado para tal efecto na ligazón www.edu.xunta.gal/fp/innovatech-fp.

As propostas deberán incluír a seguinte información:

- Título.
- Reto a resolver.
- Descrición (máximo 1 000 palabras).
- Viabilidade de aplicación e impacto no ámbito rural.

- **Preselección de propostas**

As propostas presentadas serán avaliadas pola comisión de selección que determinará un máximo de 3 propostas por cada reto. As solucións preseleccionadas serán publicadas na ligazón www.edu.xunta.gal/fp/innovatech-fp.

2. SEGUNDA FASE

- **Desenvolvemento de propostas**

Os equipos preseleccionados disporán ata o mes de xuño de 2024 para converter a idea proposta nun proxecto. Estes contarán co apoio técnico do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros (CGIFP).

Durante esta fase, os equipos recibirán formación complementaria en técnicas de prototipado e creación de ensinables, validación de produto e desenvolvemento de modelos de negocio, así como en técnicas de comunicación e márketing.

Os equipos deberán presentar unha memoria final que recolla a solución proposta ao reto. A extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial, tamaño 12 puntos e entreliñado sinxelo, e poderá incluír material gráfico. Esta memoria debe incluír a seguinte información:

- Descrición da solución proposta destacando a innovación aportada e as novas técnicas e tecnoloxías aplicadas.
- Viabilidade técnica.
- Viabilidade económica.
- Valoración de impacto nas zonas rurais.

- **Xornada de exposición**

As persoas integrantes de cada equipo deberán realizar unha exposición ou *Elevator Pitch* da súa solución ante os demais participantes e ante a comisión de selección.

Cada equipo disporá de 5 min para presentar a súa proposta. Unha vez rematada, a comisión de selección poderá realizar as preguntas que considere oportunas para a comprensión da mesma.

Ao finalizar a rolda de exposicións, a comisión de selección deliberará e dará a coñecer a mellor solución para cada un dos 10 retos.



- **Posta en marcha de proxectos de emprendemento industrial**

As solucións seleccionadas incorporaranse a área de emprendemento industrial do CGIFP, onde contarán cos medios dispoñibles para a súa incubación e aceleración, podendo derivar na creación de empresas innovadoras e de base tecnolóxica.

As datas indicadas anteriormente poderán ser modificadas por motivos de organización, publicando ditas modificacións na ligazón www.edu.xunta.gal/fp/innovatech-fp. Non obstante do anterior, informarase aos centros educativos participantes dos devanditos cambios a través do correo electrónico coa máxima antelación posible.

Para o desenvolvemento deste Programa contarase coa colaboración, apoio económico e de xestión do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional. Na páxina web do CGIFP detallaranse todos os aspectos relativos a esta participación.

Artigo 7. Comisión de selección

1. A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:
 - A Subdirectora Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta.
 - A directora do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros, que actuará como vogal.
 - Dous vogais máis con categoría de subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo.
 - Unha persoa asesora da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.
 - Así mesmo, incorporárase á comisión un representante da empresa que propón o reto a seleccionar en cada caso.
2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos aspectos técnicos que se lle encomenden.
3. Durante a fase de preselección de propostas, a comisión técnica avaliará as propostas presentadas segundo os criterios que figuran no artigo 11.a) e seleccionará un máximo de 3 propostas por cada reto. A comisión realizará unha proposta de resolución que elevará á Directora Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución.
4. Durante a xornada de exposición de propostas, a comisión técnica avaliará as propostas presentadas segundo os criterios que figuran no artigo 11.b) e seleccionará 1 proposta por cada reto. A comisión realizará unha proposta de resolución que elevará á Directora Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución.

Artigo 8. Criterios de valoración

1. Para a preselección das propostas presentadas teranse en conta os seguintes criterios:
 - a) A orixinalidade e creatividade (máximo 25 puntos).
 - b) A viabilidade de aplicación (máximo 25 puntos).
 - c) A integración de novas tecnoloxías (máximo 35 puntos).
 - d) O potencial de xerar un impacto positivo nas zonas rurais e contribuír á sustentabilidade ambiental (máximo 15 puntos).



2. A selección das propostas presentadas durante a xornada de exposición atenderá aos seguintes criterios:
 - a) O grao de innovación, orixinalidade e creatividade (máximo 30 puntos).
 - b) A viabilidade técnica e económica (máximo 40 puntos).
 - c) O potencial de xerar un impacto positivo nas zonas rurais e contribuír á sustentabilidade ambiental (máximo 15 puntos).
 - d) A claridade e o grao de detalle na exposición da solución durante o *Elevator Pitch*. (máximo 15 puntos).

Artigo 9. Certificación

A persoa coordinadora de cada equipo de traballo recibirá unha certificación de actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.

O alumnado participante recibirá un diploma acreditativo da súa participación neste programa, así como da formación recibida.

Artigo 10. Compromisos asumidos polos centros educativos

Os centros participantes comprométense a:

1. Desenvolver todas as actuacións incluídas na presente convocatoria dentro dos prazos establecidos.
2. Participar nas accións de difusión e publicación das experiencias que se organicen, especialmente nos eventos relacionados coa innovación na Formación Profesional.

Artigo 11. Obrigas das persoas participantes

Os participantes deben garantir que as ideas e desenvolvementos achegados son orixinais e non infrinxen dereitos de terceiros ou contan no seu caso coas autorizacións necesarias para participar neste programa.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non será responsable en ningún caso polos litixios ou reclamacións que se puidesen expor cuestionando aspectos da propiedade intelectual relacionados directa ou indirectamente coas propostas presentadas polos equipos.

Artigo 12. Xestión dos desenvolvementos xurdidos.

Os desenvolvementos xurdidos ao abeiro desta convocatoria estarán suxeitos á aplicación do novo Protocolo sobre protección e explotación da propiedade industrial e intelectual no eido da Formación Profesional de Galicia.

Os devanditos desenvolvementos quedarán á disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a súa posible incubación, aceleración e consolidación como proxectos de emprendemento industrial. En todo caso terá prioridade o alumnado participante na creación dos mesmos.



Artigo 13. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.
4. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.
5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

